



**ai**

GUÍA DE CULTURA, SERVICIOS E OCIO EN FERROLTERRA MAIO 2026

**#215**

Exemplar gratuito

**TEATRO**

**Chévere  
presenta  
Ictus**

**EN NARÓN**

**Amancio  
Prada**

**50 ANOS CON ROSALÍA DE CASTRO**

# Cristina Mariño

Actriz, directora e dramaturga, Cristina Mariño amosa que o teatro tamén pode ser unha opción de vida e traballo nun espazo como Ferrolterra. Coa compañía Opai Teatro, da SRD Canido, vén de gañar o prestixioso premio europeo Gil Vicente de teatro amador para unha obra que fala de memoria histórica e os tráxicos sucesos de marzo do 72 en Ferrol.

**TEXTO:** Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

**Aí. Como viviches o premio ao mellor proxecto artístico nos Gil Vicente European Amateur Theatre Awards para o voso “De marzo a marzo”?**

**CM.** Primeiro como sorpresa e logo con orgullo porque souberon valorar a excelencia do proxecto de teatro comunitario sobre o tema da memoria.

**Aí. Un traballo que tocou moitas teclas emocionais en moito público**

**CM.** Si, levamos máis de vinte actuacións e sempre é moi especial. Cando se acenden as luces o público non marcha. Pálpase a emoción da xente que ben viviu ou ben ten recordos propios ou da súa familia. A obra remexe por dentro á audiencia, hai unha emoción no público e tamén en nós, claro.

**Aí. A obra “De marzo a marzo” é túa e de Carlos Castrillón. Atrás houbo un traballo notable de documentación, non?**

**CM.** Foron moitas entrevistas individuais e colectivas, lecturas, reunións, etc. É unha obra que documenta un tempo histórico individual e colectivamente e involucra a xente moi diversa.

**Aí. En 2020 fundades a compañía Opai en Canido. Xa coa idea de traballar este tipo de temas sociais desde o mundo do teatro amador?**

**CM.** Nunca o pensamos de xeito moi tan específico, pero si que desde unha perspectiva comunitaria temos que facer un teatro popular, do pobo e para o pobo.

**Aí. Nunha cidade como Ferrol e a súa comarca vivir disto non será sempre fácil, imaxino.**

**CM.** Unha ten pasado por varias fases. En xeral é difícil pero se trata de combinar. Eu levo nisto desde os 24 anos e tamén traballei limpando e facendo labores máis mecánicos. Tes que estar disposta a facer un pouco de todo que teña que ver con esta profesión, teatro amador e incursións diversas. Na actualidade dirixo a escola municipal de teatro de Vilalba pero tamén regreso á actuación coa compañía Maquinarias Teatro e o proxecto “Que din as rumorosas”, ou coa compañía catalá-arxentina El Eje, coa obra “Euforia y desazón” que dirixe Sergio Boris. Levamos un tempo actuando en Madrid, Bos Aires e seguimos onde toque.

**Aí. Sempre tiveches claro que este mundo era a túa aposta laboral?**

**CM.** Eu son mala premeditando, as cousas van aparecendo e unha cousa leva a outra. Tes que ter fortaleza e saber tramitar cada época que che toca vivir. Agora parece que estou gozando de certa estabilidade para poder dirixir, escribir e actuar.

**Aí. Tes feito audiovisual e participado en series como “Serramoura” e outras na TVG. Interésache menos esa parte do voso traballo?**

**CM.** Depende do proxecto, que sexa máis persoal ou comercial. Se me chaman sempre sería un regalo. Como medio non o descarto en absoluto, pero teño claro que eu son carne de teatro. O contacto directo co público, o ritual sobre o escenario e a conexión cos espectadores producen unha maxia e unha comunicación que son únicas.

**Aí. Traballas tanto en Canido como en Vilalba con xente de todas as idades pero moita moi nova. Cres que sería bo que houbera unha aposta polo teatro nos colexios e institutos?**



## **“HAI QUE FACER UN TEATRO POPULAR, DO POBO E PARA O POBO”**

**CM.** Completamente. Os valores que transmite o teatro están aí. Con só con preparar unha obra xa pos en marcha un coñecemento da literatura ou compartir un proxecto común. Se xa estás nunha escola de teatro engades a realización de obradoiros, exercicios e desenvolves unha empatía polos demais, poste na pel doutra xente e compartes un espazo de respecto. Para moitos nenos e maiores é

unha vía de aplacar neurax e traballar colectivamente.

**Aí. Poñer en marcha un proxecto artístico común une moito, non?**

**CM.** Claro, e non vale traballar nun ambiente tenso, traballas para ti pero tamén para os teus compañeiros. E logo está que a nivel particular aumenta o teu grao de autoconecemento, exposte e veste desde fóra. A un nivel académico sen dúbida debería terse todo isto en conta

con tanto adolescente que se aburre e aquí atoparía algo que o podería conectar.

**Aí. Na vosa profesión dise que o premio é seguir a traballar. Que plans tes?**

**CM.** Pois o 14 de xuño estreamos en Caranza a nova obra de Opai Teatro, “O suíña”, que é unha adaptación que fixen xunto con Carlos Castrillón de “O avaro” de Moliere. En xuño rematamos o curso na escola de Vilalba coas obras finais, e continúo coa compañía El Eje por se aparecen máis funcións e volvemos cruzar o “charco”, que me encantaría.

# LES GREENE

& THE PICKIN' BOPPERS

**VENRES 5 DE XUÑO | 20:30 HORAS  
TEATRO JOFRE**



**embora**  
productions

**FERROL**

**08** venres

20.30 H

## LUZ SEN FRONTEIRAS

**Música**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

15 €

**A CANTANTE E INSTRUMENTISTA UCRAÍNA SOLOMIIA SAVCHUCK OFRECE O SEU PRIMEIRO GRAN CONCERTO MISTURANDO A SÚA CULTURA NATAL COA ESPAÑOLA E A GALEGA.**

Luz sen fronteiras é un encontro musical no que tradición e modernidade manteñen un diálogo vivo. Solomiia Savchuck é solista de bandura, un instrumento de corda ucraíno emparentado dalgunha maneira coa cítara e o laúde. A cantante fixo un profundo percorrido persoal e creativo. A súa arte nace no cruzamento de culturas e transforma o escenario nun espazo de experiencia compartida.

**09** sábado

20.00 H

## SEÑORES

**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €

**COMEDIA MACHIRULA ESCRITA E DIRIXIDA POR SERGIO MACÍAS E PROTAGONIZADA POR ANA FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, NADIA GEIJO DOMÉNECH, STEPHY LLARYORA E PEPA BARREIRO.**

Cecilia, Celia e Lía son tres irmás trillizas que, a pesar das súas diferenzas en estilo de vida, traballo e relacións, comparten un vínculo inquebrantable que remonta a unha noite de liberación sexual nos anos setenta. A historia desenvólvese na casa familiar en Cabo Home durante a noite de San Xoán, onde as irmás se reencontran e reflexionan sobre as súas experiencias pasadas, os seus medos, resentimentos e alegrías. A obra tamén aborda a perspectiva masculina, con homes que opinan e critican, creando un contraste na narrativa. Señores é unha comedia que explora a relación entre irmás, nais e fillas, nun contexto de maxia e reivindicación feminista.

**09** sábado

20.30 H

## PORTA MÁXICA

**Música**

TEATRO JOFRE (FERROL)

7 €



**O FESTIVAL PORTA MÁXICA VOLVE COA SÚA V EDICIÓN PARA CONVERTER A FERROL NO EPICENTRO GALEGO DO ILUSIONISMO TRAS A ÚLTIMA EDICIÓN, CELEBRADA EN 2022.**

O festival de ilusionismo que dirixe o mago e xestor cultural Martín Varela volve á cidade. O día 8 de maio o Colectivo Máxico Lorc & Julit ofrecerá *Maxia Solidaria* no Centro Hospitalario Universitario de Ferrol (12.30 h) a Residencia de Maiores de Caranza (13.30 h); ese mesmo venres, ás 17.00 h, Kayto actuará no Cantón e Joshua Kenneth no Centro Cívico de Caranza (20.00 h). O sábado 9 ás 12.30 h Juan Vidal & Meigo Simón actuarán no Mercado de Ferrol e O Ilusionista Xalleiro no Centro Cívico de Canido (13.30 h). A Gala Lorc & Julit pechará o festival no teatro Jofre o sábado. Actuarán a parella francesa Erick Lantin & Valérie, a ilusionista china Violeta Zheng, o español Joshua Kenneth e os galegos Kayto, Magic Mateo e Meigo Simón (ferrolán e fenés, respectivamente). A gala de peche concíbese como unha homenaxe aos senlleiros Lorc & Julit e estará chea de sorpresas.

**16** sábado 20.30 H

## AMANCIO PRADA

### Música

TEATRO JOFRE (FERROL) 20 €



**AMANCIO PRADA CELEBRA O 50 ANIVERSARIO DA GRAVACIÓN DO SEU SEGUNDO DISCO: ROSALÍA DE CASTRO.**

Medio século dun disco mítico: unha peregrinación sonora ao corazón de Rosalía de Castro. Este concerto é un miradoiro para contemplar a paisaxe percorrida: desde a pureza espida das primeiras cancións ata as relecturas maduras que mostran como creceu o diálogo coa poeta.

**17** domingo

19.00 H

## ICTUS

### Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



**O NOVO PROXECTO DE CHÉVERE, EN CO-PRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL, SUBTITULADO “ANATOMÍA DE A DERRADEIRA LEICIÓN DE CASTELAO” É UNHA VIAXE INVERSA POLA MEMORIA E O MAIOR DESAFÍO ESCÉNICO DA COMPAÑÍA.**

Chévere argalla un dispositivo documental no que se cruzan as voces de numerosas testemuñas para dialogar coa historia persoal dunha muller que sofre alteracións da memoria por un dano cerebral adquirido, causado por un ictus que lle dá durante o acto de recepción do cadro de Castelao na Cidade da Cultura de Galicia. O resultado é unha viaxe escénica que nos invita a entender como se constrúen –e como se disputan– as narrativas da memoria.

LETRAS GALEGAS 2026



Nerea Gómez  
Icíá Varela  
Xosé Manuel Varela

**Begoña  
Caamaño**

edicións **embora**



*A venda en librerías*

PROGRAMACIÓN  
**2026**



## MAIO

V **08** 20.30 HORAS

MÚSICA  
SOLOMÍA

**CONCERTO: LUZ SEN  
FRONTEIRAS**

S **09** 20.00 HORAS

COMEDIA  
DE STE XEITO PRODUCIÓNS

**SEÑORES QUE DIN**

D **10** 12.30 HORAS

D **10** 18.00 HORAS

INFANTIL  
VOL. MUSIC EVENTS

**IDOLS - LA  
REVOLUCIÓN K - POP**

S **16** 18.30 HORAS

S **16** 21.00 HORAS

COMEDIA  
AINÉ PRODUCIÓNS

**AMORIÑOS -  
TOURIÑÁN E  
PERDOMO**

D **17** 20.00 HORAS

COMEDIA  
GRUPO CHÉVERE

**ICTUS (ANATOMÍA  
DE "A DERRADEIRA  
LEIÇÃO" DE  
CASTELAO)**

V **29** 20.30 HORAS

COMEDIA  
SALA VERDI DE URUGUAY - PADROADO DE  
CULTURA DE NARÓN

**ZOMBI MANIFIESTO**



**PAZO DA  
CULTURA**  
Concello de Narón



"O GALEGO,  
O NOSO IDIOMA,  
TAN VIZOSO,  
TAN BONITO,  
É UN PRIVILEXIO  
QUE TEMOS"

BEGOÑA CAAMAÑO

**17 DE MAIO**  
**DÍA DAS LETRAS GALEGAS**  
**NARÓN 2026**



**23** sábado 20.30 H

## LA HABITACIÓN ROJA

**Música**

TEATRO JOFRE (FERROL) 16 €



### A BANDA VALENCIANA CELEBRA 30 ANOS DE TRAXECTORIA NO INDIE ESPAÑOL.

La habitación roja chega aos 30 anos de vida con 14 discos gravados, máis de 250 cancións escritas e máis de 1000 concertos por España, Europa e América. Os desta xira son concertos que ofrecen “emocionados celebrando o sobrevivir con dignidade, fe e paixón a 30 anos no mundo da música”.

**29** venres 20.30 H

## ANDRÉS SUÁREZ

**Música**

AUDITORIO DE FERROL

37 €



### O CANTAUTOR FERROLÁN PRESENTA -CO APOIO DA XUNTA A TRAVÉS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA NO MARCO DOS CONCERTOS DO XACOBEO- “LÚA”, O SEU DÉCIMO ÁLBUM DE ESTUDIO, ACOMPAÑADO DA SÚA BANDA DE SEMPRE.

Lúa é unha obra profundamente persoal e íntima que marca un punto de inflexión na traxectoria de Andrés Suárez. Este disco é un dos traballos máis significativos e transcendentais da súa carreira discográfica. Acompañado pola súa banda de sempre, Andrés Suárez ofrecerá un directo cargado de emoción, autenticidade e esa conexión única que o caracteriza sobre o escenario. O público poderá disfrutar das novas cancións de Lúa xunto aos grandes éxitos do artista.



# OBRADOIRO DE COMIC

CON

## INÉS VÁZQUEZ

AUTORA DE

ALDARA E A LENDA DO CERVO BRANCO

e SEVERINA E A RAÍÑA DOS TRASNOS



**Luns 18 Maio**

**18.00 horas**

**MUSEO DO HUMOR**

**XAQUÍN MARÍN**





A partir de 8 anos

Prazas limitadas (15)

Inscripcións:

[museodohumor@fene.gal](mailto:museodohumor@fene.gal)

SALA CURUXEIRAS

# PUERTO Y CIUDAD

5 - 12 MAYO

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 11.30 A 13.00 H - 17.30 A 19.30 H

EXPOSICIÓN VI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA PUERTO Y CIUDAD

30 MAYO

📍 MUELLE DE LA ANTIGUA FRIGORÍFICA / INSCRIPCIONES EN LA WEB

🕒 09.00 A 13.00 H

JORNADA IV JORNADA DE INICIACIÓN A LA VELA DE CRUCERO

30 MAYO

INSCRIPCIONES EN LA ASOCIACIÓN CONTRA EL CÁNCER

ACTIVIDAD DE LA ASOCIACIÓN CONTRA EL CÁNCER VISITA AL CABO PRIOR

 Ferrol  
Puerto

Autoridad Portuaria  
Ferrol - San Cibrao

**29** venres 21.00 H

## ORGASMOS

**Teatro**

AUDITORIO AFUNDACIÓN (FERROL) 20 €



**50.000 ESPECTADORES EN SETE ANOS DE EXHIBICIÓN EN MADRID E BARCELONA AVALAN ESTA COMEDIA.**

A comedia –escrita por Dan Israely e dirixida por Óscar Contreras– trata as diferenzas entre homes e mulleres desde Adán e Eva ata a actualidade.

Un bo xeito de ver que aínda que haxa unha guerra de sexos, estes sempre acaban por ser o mellor complemento o un polo outro. Un manual de auto-axuda para enfrentarse aos retos de vivir en parella.

**29** venres 20.30 H

## ZOMBIE MANIFIESTO

**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



**SANTIAGO SANGUINETTI ESCRIBIU ESTA OBRA POLO 50 ANIVERSARIO DO GOLPE DE ESTADO DE 1973 EN URUGUAI. PENSOU QUE O HUMOR ERA O MELLOR XEITO DE TRATAR O ASUNTO.**

A obra, producida pola uruguaia Sala Verdi, trata sobre torturas, traizóns, abusos militares e cadáveres desmembrados. Pero o humor está sempre en escena: Dous mozos descubren que os soldados enterrados no cemiterio local cobran vida como zombis cando escoitan a alguén recitar fragmentos do Manifesto Comunista. Así, espertan e secuestran a un tenente do Exército Nacional, obrigándolle a aprender a filosofía marxista.

## Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo  
15402 FERROL - A Coruña  
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453  
e-mail: info@clefmusic.es

[www.clefmusic.es](http://www.clefmusic.es)

ESTREA DESTACADA | 15 DE MAIO



Urška Djukić  
**LA CHICA DEL CORO**

**Cando empezou a pensar neste filme, cal foi a faísca inicial?**

A faísca inicial do proxecto xurdiu en 2018, cando vin un concerto dun coro de nenas eslovenas. Cando as escoitei cantar por primeira vez, enchéronseme os ollos de bágoas. Conmouveume profundamente o poder desas voces, as dunhas mozas a piques de convertérense en mulleres, até o punto de que tiven que conter as miñas emocións para non romper a chorar no medio do concerto. Había algo profundamente importante na forza destas novas voces femininas, a miúdo silenciadas ao longo da historia.

Empecei a investigar ao coro e a súa dinámica, e esa foi a inspiración inicial do guión. Máis adiante, formamos o noso propio coro para continuar o traballo.

**Crearon un novo coro para o filme?** Iso é. Fixemos audicións para mozas cantantes e seleccionamos a unhas 30 rapazas, xunto

ás catro actrices que xa elixiramos, que tiñan pouca ou ningunha experiencia en canto. Entón empezou o traballo duro. Interesábanme especialmente as cancións populares eslovenas que puidesen complementar as escenas co seu contido e atmosfera. Para o final do filme, utilizamos unha antiga pregaría italiana suxerida pola nosa colaboradora, a cantante Irena Tomažin.

Xunto cun grupo de cantantes, adaptouna e interpretou nas escenas nas que as monxas cantan nunha cova e baixo unha ferverza. Foi unha escena moi emocionante, que conmoveu mesmo aos homes máis duros do equipo de rodaxe. Todos puidemos sentir a enerxía desa antiga oración purificadora.

O filme remata coa icónica canción *Little Trouble Girl* de *Sonic Youth*, que inspirou o título da película e resume á perfección a súa narrativa e a súa esencia temática.

**Ata que punto é persoal esta historia e cales foron**

**os puntos de partida para o seu enfoque?**

Empecei explorando a voz feminina, que foi silenciada ao longo da historia. Iso levoume á incómoda relación coa sexualidade, o pecado e os sentimentos de culpa. A través dunha moza sensible, moldeada polas convencións sociais do pecado, quería profundar en como unha persoa nova atopa o seu propio poder interior. O sentimento de culpa ao redor dos instintos naturais é algo que eu mesma experimentei mentres medraba. Aínda que a miña familia non era estritamente relixiosa, a miña nai educoume segundo as ideas católicas tradicionais do que debía ser unha “boa moza”. Máis adiante, deime conta de que esas ideas, sobre todo as relacionadas coa imaxe corporal, a vergoña e a sexualidade e impostas a moitas xeracións de mozas, incluída a miña, son ríxidas e torpes.

Atalante (fragmento)

## 01 MAIO

### ASÍ CHEGOU A NOITE Ángel Santos

2025 | ESPAÑA | 120' | ESPAÑOL/GALEGO +12



Un escultor establece o seu taller nunha afastada zona rural da costa galega. Pouco a pouco irá illándose da súa contorna, cortando todo contacto con amizades e familiares. Cando un antigo amor acode ao seu encontro provocará a reflexión do escultor sobre o seu desexo de illamento e a necesidade dunha nova fuxida.

**Xixón 2025 (Mellor Dirección)**

“Santos indubidablemente ten sensibilidade, voo visual para construír climas fascinantes” Otros Cines

### MICHAEL Antoine Fuqua

2026 | EUA | 127' | INGLÉS | +12

A viaxe de Michael Jackson máis aló da música, desde



o descubrimento do seu extraordinario talento como líder dos Jackson Five até converterse nunha visionaria estrela cuxa ambición creativa espertou un incansable afán por consagrarse como a maior icona da industria do entretemento.

“Filme deseñado para crear momentos icónicos, nese terreo é incontestable” Fotogramas

## 08 MAIO

### YO NO MORIRÉ DE AMOR

Marta Matute

2025 | ESPAÑA | 94' | ESPAÑOL | +12



Aos seus 18 anos, Claudia non que ser a heroína da súa familia. A doenza da súa nai irrompe na súa casa como unha treboada silenciosa. Porén, Claudia só quere vivir como calquera persoa da súa idade. Entre o deber familiar e o desexo de explotar a súa xuventude, Claudia terá que elixir como amar sen renunciar a si mesma.

**Málaga 2026 (Mellor Filme, Actriz e Actor de Reparto)**

“As súas escenas máis emocionantes son intensas desde a sutileza. Un filme redondo” El Cultural



## 15 MAIO

### LA CHICA DEL CORO Urška Djukić

2025 | ESLOVENIA | 89' | ESLOVENO | +12

Lucija, unha moza introvertida de 16 anos, únese ao coro feminino do seu colexio católico, onde entabla amizade con Ana-Marija, unha alumna popular e segura de si mesma. Durante un retiro de fin de semana, o interese de Lucija por un obreiro de ollos escuros porá a proba a súa amizade con Ana-Marija e as demais rapazas. Lucija comeza a cuestionar as súas crenzas e valores.

**Oscars 2026 (candidata por Eslovenia a Mellor Filme Internacional)**

“Arrebatadora, cunhas actrices impresionantes” The Guardian

### EL CASTILLO EN EL CIELO Hayao Miyazaki

1986 | XAPÓN | 124' | XAPONÉS



Sheeta é a única persoa no mundo que coñece o segredo da cidade flotante, resultado dunha civilización ao parecer extinguida. Alcanzar o castelo no ceo e coñecer os seus misterios ocultos na compañía de Pazu, vaise converter nunha odisea chea de aventuras.

**Reestrea polo 40 aniversario**

“A obra máis perfecta da ilustre carreira de Miyazaki” Den of Geek

## DUPLEX PRESENTA



Presentación e coloquio de “Así chegou a noite” coa presenza do director pontevedrés Ángel Santos, o venres 1 de maio ás 17:45h

**22 MAIO**

**DOS DÍAS**

**Gonzaga Manso**

2026 | ESPAÑA | 88' | ESPAÑOL/GALEGO +12



Jose Antonio ten 89 anos e está a perder a memoria, pero resítese a depender dos demais e deixar de facer o que leva toda unha vida facendo. Convence ao seu amigo Mindo, ao que hai anos que non ve, para saír a pescar na barca. A saída complicase cando quedan sen gasolina e, coa noite e a néboa caendo, quedan á deriva no medio do mar. Atrapados na diminuta barca, a travesía convértese nunha inesperada viaxe acerca da vellez, a amizade e a forma de aceptar o paso do tempo.

**Málaga 2026 (Premio do Público)**

**LOVE ME TENDER**

**Anna Cazenave Cambet**

2025 | FRANCIA | 134' | FRANCÉS



No final do verán, Clémence cóntalle ao seu ex marido que mantén relacións amorosas con mulleres. A súa vida véñse abaixo cando el queda coa custodia do fillo que teñen en común. Clémence deberá loitar para seguir sendo nai, muller e libre.

**Cannes 2025 (Un Certain Regard)**

*“Vicky Krieps acende un elegante e conmovedor retrato da maternidade en conflito coa propia identidade” Variety*

**29 MAIO**

**EL DRAMA**

**Kristoffer Borgli**

2026 | EUA | 106' | INGLÉS



Emma (Zendaya) e Charlie (Robert Pattinson) teñen unha relación idílica e están a piques de casar. Con todo, días antes da cerimonia, enfróntanse a unha crise cando unhas inesperadas revelacións desbaratan o que un deles cría saber sobre o outro. Isto converterá a súa relación nun auténtico drama.

*“Poucas veces se explorou unha apocalipse nupcial cunha intelixencia tan escura e un enxeño tan mordaz como nesta dramedia, a miúdo punzante e esmendrellante” The Times*

**CORREDORA**

**Laura García Alonso**

2026 | ESPAÑA | 96' | CATALÁN



Cris, unha corredora de elite, sofre un brote psicótico que a obriga a afastarse da alta competición. Non todos ao seu carón poderán ou saberán como axudala pero Natalia, a súa irmá, será o seu refuxio para aceptar a súa condición e redefinir o seu ritmo de vida. Málaga 2026 (Sección Oficial)

*“Unha moi brillante ópera prima (...) un cine colérico, angustioso, febril e certo” El Mundo*

**Off DUPLEX**

**O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO.**

**MAR 12 ÁS 19:30**

**RESURRECTION**

**Bi Gan**

CHINA | 160' | MANDARÍN | +16



Nun futuro no que a maioría da humanidade perdeu a capacidade de soñar, unha muller descobre que un ser extraordinario pode seguir percorrendo os mundos oníricos que os demais xa non poden alcanzar.

**Cannes 2025 (Premio Especial do Xurado)**

*“Unha fantástica proposta que leva ao espectador por unha viaxe extraordinaria” Cadena Ser*

**MAR 26 ÁS 20:00**

**LA RISA Y LA NAVAJA**

**Pedro Pinho**

PORTUGAL | 211' | PORTUGUÉS



Sergio viaxa a unha metrópole de África para traballar na construción dunha estrada que unirá o deserto e a selva. Pronto descobre que outro enxeñeiro, encargado coa mesma misión, desapareceu misteriosamente.

**Cannes 2025 (Mellor Actriz - Cleo Diára - Un Certain Regard)**

*“Unha fazaña xigantesca que atravesa continentes” IndieWire*

# Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.  
CICLO GRATUÍTO EN COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE CULTURA DE FERROL

**DOMINGO 3 E 17**

## EL CHICO (THE KID)

Charles Chaplin

1921 | EUA | 53' | TP



Con algo de desgana, o vagabundo Charlot adopta un neno de 6 anos abandonado. Non tarda en collerlle cariño e ensinarlle algunhas técnicas esenciais de supervivencia na rúa. Co tempo os dous forman un grande equipo. Pero un día o neno enferma e os servizos sociais tratan de arrebatara a custodia a Charlot. Primeira longametraxe de Chaplin e primeira das súas achegas ao inventario de grandes obras da historia do cinema. Unha das máis puras expresións da súa arte polos seus brillantes gags visuais e pola súa preocupación polas inxustizas sociais.

“Humor, esperpento, tenrura e sentimento (...) manterá o seu atractivo nos próximos séculos.”  
El País

**DOMINGO 10**

## TITINA

Kajsa Næss

2022 | NORUEGA | 90' | VE | TP



Baseada en feitos reais. Historia dunha expedición en dirixible cara ao Polo Norte nos anos 20. Na embarcación atópanse o explorador noruegués Roald Amundsen e o aviador italiano Umberto Nobile, así como a mascota canina deste último, Titina. “Crónica en debuxos animados dunha aventura real (...) O estilo de debuxo é moi elegante “ El Periódico

**DOMINGO 24 E 31**

## HEIDI. EL RESCATE DEL LINCE

Toby Schwarz, Aizea Roca Berridi

2025 | ALEMAÑA | 80' | VE | TP



No máis alto dos Alpes suízos, Heidi vive feliz canda ao seu avó, gozando da natureza e a liberdade da montaña. Cando recibe un convite para pasar o verán na costa, a emoción da aventura ilusiónaa, pero todo muda ao atopar un lince ferido. Decidida a axudalo, conta co apoio do seu mellor amigo Pedro para coidalo e devolveo coa súa familia na montaña. Porén, un empresario ambicioso ameazada o bosque cun serradoiro e trampas para os lince, poñendo en perigo todo o que aman.

# DUPLEX Cinema

De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00  
Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinala o contrario.



Máis información en [duplexcinema.com](http://duplexcinema.com)

Travesía Moreno 3, Ferrol

[info@duplexcinema.com](mailto:info@duplexcinema.com) | 981 35 60 65

Facemos parte de:





NOVELA

## A NOIVA CUÁNTICA

CID CABIDO | EDITORIAL GALAXIA | 256 PÁX. | **21,50 €**

**O REGRESO DE XOSÉ CID CABIDO SEMPRE É UNHA BOA NOVA PARA A LITERATURA.**

Tras oito anos de silencio, o de Xunqueira de Ambía volve con esta “A noiva cuántica”, unha novela de aires detectivescos pero que agocha con fasquía lixeira reflexións fondas sobre a realidade das relacións humanas nunha sociedade como a nosa. Con respecto de novela clásica, Cid centra a trama na cidade de San Francisco e na figura de Paul Rothko, un tipo que traballa para unha axencia de compañía (non sexual). Isto sérvelle para tomar contacto con xente de toda idade e condición o que o leva a adentrarse nunha trama familiar pintoresca. A maiores, de aí o título do libro, Rothko ten unha relación estraña cunha moza que aparece e desaparece da súa vida como o gato de Schrödinger. Aparcada a experimentación antano marca da casa, “A noiva cuántica” amosa claves da literatura de Cid Cabido como un demoleedor sentido do humor. A maiores, a vea cinematográfica percorre personaxes e situacións que non deixan de ter como pano de fondo as diferentes maneiras de relacionarse nun mundo como o de hoxe nesta historia de conclusión aberta da que non nos sorprendería unha continuidade. No fondo, esta excelente obra expón unha reivindicación humanista nunha sociedade cada vez máis fría, artificial e antipática.

NOVELA

## PÍCNIC EXTRATERRESTRE

ARKADY E BORÍS STRUGATSKI | SEXTO PISO | 205 PÁX. | **21,90 €**

Reeditada hai uns meses por Sexto Piso que recupera a edición de Gigamesh, “Picnic extraterrestre” é unha das mellores novelas de ciencia ficción de todos os tempos. Non menos fonda pero máis accesible que a súa versión cinematográfica, o “Stalker” de Tarkovski, a obra plantexa temas eternos para o ser humano. Uns extraterrestres pasan pola terra sen importarlle o mundo que aquí hai, deixan obxectos como lixo en espazos denominados “zonas”. Alí van furtivos (“stalkers”) para facerse cuns obxectos fóra das leis da física e o tempo terrestre.

NOVELA

## A FILLA DO REITOR

F. M. MAYOR | IRMÁNS CARTONÉ | 360 PÁX. | **18,75 €**

Entre os clásicos da literatura inglesa do século XX ocupa un lugar especial a escritora Florence Macdonald Mayor (1872-1932) grazas a súa obra mestra “A filla do reitor” (1924) agora verquida ao galego por Irmás Cartoné en tradución de María Ramos. A historia céntrase en Mary Jocelyn, unha muller de 35 anos que vive nunha parroquia rural coidando a unha irmá e ao seu pai. A súa vida monótona estoupou coa chegada dun novo reverendo. O libro trata temas como a renuncia e a soidade con dignidade dunha muller atrapada entre o deber e o desexo.

## DELICIAS SONORAS

**FILLAS DE CASSANDRA TERTULIA**

Chegou hai uns días “Tertulia”, o segundo álbum de estudio do dúo vigués Fillas de Cassandra (María SOA e Sara Faro). O que sorprende do presente traballo é a enorme evolución artística respecto ao seu debut, “Acrópole”. Agora, mantendo a esencia da música tradicional, integran de xeito máis fondo a electrónica festiva e a modernidade sonora nunha produción propia acompañadas do trío Çantamarta, chea de novas texturas. O disco, formado por doce cortes como as doce cadeiras da cuberta, xiran arredor da idea dunha reunión entre amigas, poñendo a palabra no centro e explorando temas como a comunidade, o presente e os afectos. As pezas actúan como un diálogo interxeracional que vai da tradición á vangarda. Entre os temas que forman parte do proxecto atópanse “Saír á fresca”, “Insolación” ou “Filla, filliña”, unha das colaboracións do disco, neste caso con Abrahan Cupeiro. Ademais das plataformas dixitais, o álbum está dispoñible en formato de vinilo. Todo un chimpo que consolida a traxectoria do dúo vigués do que non semella albiscarse o teito.

**091 ESPEJISMO Nº 9**

O caso de da banda granadina 091 é insólito dentro do rock español. Grupo de culto nos anos 80/90, desfixéronse durante vinte anos nos que foron recordados como un referente mentres se falaba deles tamén pola carreira en solitario do seu líder creativo, José Ignacio Lapido. En 2016 ante tanta demanda regresaron e desde entón publicaron un disco en directo, “Maniobra de resurrección”, o primeiro orixinal en 25 anos, “La otra vida” (2019), e hai un par de meses este “Espejismo nº9”, publicado por Universal e que conta con dez pezas escritas por Lapido. Mantendo o seu rock clásico de guitarras e letras intelixentes, nel destacan cancións como “Piezas de desguace”, “No tiene sentido escapar”, “Antes de que salga el sol”, “Una revelación” ou “Puede que el tiempo”, nunha liña semellante ao seu son clásico pero no que a calidade se xustifica por si mesma. De feito debe tratarse, a pesar dunha cuberta un chisco bizarra, dun dos seus discos máis inspirados, incluídos os da súa primeira etapa. A maiores, os fans galegos da banda terán a oportunidade de velos en directo o día 21 deste mes na sala Capitol de Compostela.

**WOULD-BE-GOODS TEARS BEFORE BEDTIME**

A catro décadas vista do seu eterno tema “The camera loves me”, Would-Be-Goods regresan co seu sexto traballo de longa duración “Tears before bedtime” composto de catorce pezas e primeiro en vinilo desde 1988. O grupo liderado pola exquisita cantante e compositora Jessica Griffin amosa como se pode desenvolver unha carreira longa no máis absoluto underground comercial e cuns resultados estéticos excelsos. Griffin segue sendo unha das voces máis elegantes do pop e a súa pronunciación, usada adoito en clases de inglés, continúa a operar nunha liga propia, mesturando o pop sofisticado e melancólico da “chanson” francesa coa forza crúa e rítmica dunha banda de garaxe ao que axuda a sempre eficiente guitarra de Peter Momtchiloff (Talulah Gosh, Heavenly, Scarlet’s Well). O que diferencia “Tears before bedtime” é a súa ambición narrativa. Griffin non só escribe letras, constrúe mundos en pezas como “The gallopers”, “Tears for Leda”, “The bride wore black” ou “Don’t come crying to me”, entre outras. Outro capítulo brillante desta banda na faceta sensible e culta do pop máis independente.

## MAIO

### 01venres

**MÚSICA**

23.00 h Sala La Room. Ferrol.

**REBEL MUSIC BAND**

### 02sábado

**MÚSICA**

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

**DANIELO, MARIO D'FER Y OCCY**

### 07xoves

**MÚSICA**

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**MIGUEL MATAMORO: CADERNOS DE LOIRA**



### 08venres

**INFANTIL**

19.00 h Casino de Franza. Mugardos.

**AS SETE BOINAS DO AVIADOR**



**MAXIA**

20.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

**JOSHUA KENNETH**



**MÚSICA**

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

**SOLOMIIA SAVCHUK: LUZ SEN FRONTEIRAS**

**MÚSICA E POESÍA**

20.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

**O FAIADO DAS PAPOULAS**

### 09sábado

**MÚSICA**

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

**SEÑORES QUE DIN**



**MAXIA**

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**GALA LORC & JULIT**

**MÚSICA**

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

**ACABA2**

## 10domingo

**MUSICAL**

12.30 h Pazo da Cultura. Narón.

**IDOLS - LA REVOLUCIÓN K - POP**

**MÚSICA**

13.00 h Colectivo Piruchela. Neda.

**UXÍA E PABLO NOVOA**



**MUSICAL**

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

**IDOLS - LA REVOLUCIÓN K - POP**

**TEATRO**

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

**O PARVO**

### 14xoves

**MÚSICA**

13.30 h Sala Guión. Pontedeume.

**LONTRAS**



**MÚSICA**

19.00 h Café Teatro. Narón.

**REPUNANTAS**

**MÚSICA**

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

**BLUES DO PAÍS**




### 15venres

**DANZA**

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**TRANSEÜNTE. DANIEL RODRÍGUEZ**



### 16sábado

**PODCAST EN DIRECTO**

12.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

**TOURIÑÁN ENTREVISTADO POR ANA SANTIAGO**

**TEATRO**


18.30 h Pazo da Cultura. Narón.

**AMORIÑOS: TOURIÑÁN E PERDOMO**



**MÚSICA****20.30 h** Teatro Jofre. Ferrol.**AMANCIO PRADA: 50º ANIVERSARIO DE ROSALÍA DE CASTRO****TEATRO****21.00 h** Pazo da Cultura. Narón.**AMORIÑOS: TOURIÑÁN E PERDOMO****17 domingo****LETRAS GALEGAS****12.00 h** Pontedeume**CORTEXO CÍVICO POLO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.**

Participarán os xornalistas Luís Álvarez Pousa e Daniel Salgado, os poetas María Barreiros e Xosé Álvarez Cáccamo, o arquitecto Felipe Peña, o actor Tito Asorey e a Coral Eumesa.

**TEATRO****19.00 h** Centro Cívico de Caranza. Ferrol.**DEUS NON QUERE CALDERILLA****TEATRO****19.00 h** Pazo da Cultura. Narón.**ICTUS (ANATOMÍA DE "A DERRADEIRA LEIÇÃO" DE CASTELAO)****MÚSICA****19.30 h** Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.**LENDA ÁRTABRA****18 luns****OBRADOIRO****18.00 h** Casa do Humor. Fene.**CÓMIC, CON INÉS VÁZQUEZ****19 martes****INFANTIL****18.00 h** Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.**GABINETE MIRABILIA!****22 venres****MÚSICA****20.30 h** Auditorio. Ferrol.**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA: UNIVERSOS PARALELOS****LIBROS: PRESENTACIÓN****20.30 h** Colectivo Piruchela. Neda.**O TRANSGREDIR DAS ONDAS. BEGOÑA CAAMAÑO. CON PAULA CARBALLEIRA****23 sábado****MÚSICA****20.30 h** Teatro Jofre. Ferrol.**LA HABITACIÓN ROJA****24 domingo****TEATRO****19.00 h** Centro Cívico de Caranza. Ferrol.**CAL Y ARENA****28 xoves****CONFERENCIA****20.30 h** Colectivo Piruchela. Neda.**PARA ESCAPAR DAS REDES TECNO-OLIGARCAS, CON HENRIQUE SANFIZ E LUCÍA LÓPEZ****29 venres****MÚSICA****20.30 h** Auditorio. Ferrol.**ANDRÉS SUÁREZ****TEATRO****20.30 h** Pazo da Cultura. Narón.**ZOMBI MANIFIESTO****DOCUMENTAL****20.30 h** Colectivo Piruchela. Neda.**BASAL****30 sábado****TEATRO****20.30 h** Teatro Jofre. Ferrol.**ASEGINATO EN EL ORIENT EXPRESS****TEATRO****20.30 h** Teatro da Beneficencia. Ortigueira.**OS DOUS DE SEMPRE. O REGRESO.**
**Nº 215 ANO XIX****EDITA:****ee** | edicións **embora**  
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

f @Aí

**DIRECTOR:**

Miguel Toval

**DESEÑO/MAQUETA:**

Jose A. Farinós

**REDACIÓN E COLABORADORES:**

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

**DEPÓSITO LEGAL:**

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.

# A paisaxe que sabe

 *Vila Mariñeira*  
SADA

 *Vila de  
Muros*  
MUIROS

 *Espazo Museístico  
da Carpintaría de  
Ribeira "Estaleiro  
do Ciprián"*  
OUTES

 *Praia das Furnas*  
PORTO DO SON

 *Castro de Baroña*  
PORTO DO SON

 *Dolmen de Axeitos*  
RIBEIRA

 *Pazo de Goiáns*  
BOIRO

 *Miradoiro  
da Curota*  
A POBRA DO  
CARAMIÑAL

 *Vila de Rianxo*  
RIANXO



**MEXILLÓN**

[turismodacoruna.gal](http://turismodacoruna.gal)